

## RESERVA DE PRAZA/SOLICITUDE DE ADMISIÓN. INFORMACIÓN BÁSICA ALUMNADO DE 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

### 1.- Admisión nos centros adscritos:

- O alumnado do CEIP Amadeo Rodríguez Barroso ten **prioridade** (non garantía) para ser admitido no IES Otero Pedrayo e na Universidade Laboral (Centros aos que está adscrito).
  - O alumnado **que queira cursar a ESO nestes institutos** deberá presentar formulario de reserva de praza no centro de primaria, no CEIP Amadeo Rodríguez Barroso (anexo I), entre o **1 e o 15 de febreiro**. Tamén pode facerse por vía telemática. O centro recomenda cubrir o ANEXO I e entregalo na secretaría ou ao profesorado.
  - Se hai prazas suficientes nos centros adscritos a reserva será vinculante e non se poderá presentar solicitude noutro instituto (**salvo renuncia, expresa e por escrito, á reserva**). Se se presentase a solicitude de reserva e logo a solicitude de admisión noutro instituto, quedarían **anuladas** as dúas.
  - Se non hai prazas suficientes para os adscritos haberá que presentar solicitude en prazo, coa documentación necesaria para ir ao baremo (entre o 1 e o 20 de marzo).
  - O alumnado que **non faga reserva de praza no Otero Pedrayo nin na Universidade Laboral** terá que presentar solicitude de admisión no instituto ou colexio concertado que desexe, no prazo establecido: entre o 1 e o 20 de marzo.
- A matrícula formalizarase nos institutos en tempo e forma: do 25 de xuño ao 10 de xullo.**

### 2.- Calendario do procedemento de admisión:

| Proceso   | Datas                            |
|---|----------------------------------|
| <b>1. Reserva de praza para o IES Otero Pedrayo:</b>  | <b>1 - 15 de febreiro.</b>       |
| <b>2. Publicación de listaxe de reserva nos IES (tamén se publicará no CEIP Amadeo Rguez Barroso)</b>   | <b>Antes do 28 de febreiro</b>   |
| 3. Data do sorteo público de letra a efectos de desempate:  | Antes do 1 de marzo.             |
| 4. Publicación de postos escolares vacantes:  | Antes do 1 de marzo.             |
| <b>5. Presentación da solicitude de admisión:</b><br>- Para os que non presenten reserva no IES Otero Pedrayo ou no IES Universidade Laboral.<br>- Para os que fixeran reserva se houbose menos prazas que solicitudes. | <b>1 - 20 de marzo.</b>          |
| 6. Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo (se fose necesario):  | 30 de marzo – 9 de abril.        |
| 7. Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos:  | Antes do 25 de abril.            |
| 8. Publicación das listaxes definitivas de admitidos e non admitidos:   | Antes do 15 de maio.             |
| <b>9. Formalización da matrícula en ESO e bacharelato:</b>  | <b>25 de xuño - 10 de xullo.</b> |

### **3.- Perda do dereito de prioridade:**

- a) As solicitudes de admisión presentadas fóra de prazo.
- b) A **presentación de máis de unha solicitude** ou a presentación dunha solicitude de admisión estando vinculado por reserva.
- c) As solicitudes de admisión que conteñan datos que non se axusten ás circunstancias reais da alumna ou do alumno.
- d) As solicitudes de admisión que estean acompañadas por documentación que reflicta datos que non se axusten ás circunstancias reais.

A dirección dos centros remitirán, de xeito inmediato, a xefatura territorial a documentación destas solicitudes. A xefatura resolverá despois de notificarlle a irregularidade aos interesados e darlle un prazo (5 días) para que presenten alegacións e/ou documentación complementaria.

### **4.- Lexislación aplicable:**

Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (DOG do 15 de marzo de 2013).

ORDE do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

### **5.- Máis información:**

Pódese atopar máis información sobre os procesos de reserva de praza e de admisión, así coma os formularios necesarios para cubrir e presentar nos centros de ensino, nos seguintes enderezos:

Páxina da Consellería de Educación:

<http://www.edu.xunta.es/web/node/8858>

<https://www.edu.xunta.es/platega2/course/view.php?id=550>

Páxina web do CEIP Amadeo Rodríguez Barroso:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipamadeobarroso/>

Ourense, 1 de febreiro de 2018

A dirección